

CONVENIO PARA A HABILITACIÓN DUN MARCO DE APOIO AO ACCESO AO FINANCIAMENTO DAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS, SUBSCRITO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E AS SOCIEDADES DE GARANTÍA RECÍPROCA (SGR).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O subdirector de financiamento do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar coas sociedades de garantía recíproca (SGR) e coas entidades de crédito que se adhiran, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 30 de xuño de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Definir os termos de colaboración entre o Igape, as SGR e as entidades de crédito que se adhiran, para facilitar o acceso ao financiamento das pemes, mediante a habilitación de liñas de financiamento avaladas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido:

O Igape é a Axencia de desenvolvemento rexional de Galicia. Como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre os seus principais obxectivos están os de impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, a promoción de políticas integrais de apoio ás empresas e o desenvolvemento de accións dirixidas á mellora da súa competitividade. Nesta liña, pretende dotar ás microempresas e pemes galegas de recursos financeiros en óptimas condicións de prazo, tipo de xuro e garantías que lles permitan dispoñer da liquidez necesaria para o desenvolvemento da súa actividade.

As SGR teñen como función o outorgamento de avais a favor dos seus socios partícipes para as operacións que estes realicen nas súas actividades empresariais así como a prestación de servizos de asistencia e asesoramento financeiro. En Galicia existen dúas SGR, Afigal e Sogarpo, que veñen desempeñando, desde a súa creación, a tarefa de prestación de avais ante as entidades de crédito, aglutinando ata o momento a práctica totalidade das operacións de afianzamento por SGR das pemes en Galicia de todos os sectores de actividade.

As SGR réxense polos seus estatutos, pola Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca, polo Real Decreto 2345/1996, de 8 de novembro, relativo ás normas de autorización administrativa e requisitos de solvencia das SGR, e demais normas complementarias.

A Xunta de Galicia e o Igape participan, xunto coas entidades de crédito e outras entidades, como socios protectores nas ditas sociedades desde a súa creación.



Por outra banda, as entidades de crédito constitúen o elemento clave como facilitadoras do crédito ás pemes solicitantes.

Que a necesidade e o oportunidade do convenio baséase no seguinte:

As pemes son as que sofren maiores dificultades para acceder ao financiamento adecuado ás súas necesidades, atopándose con maiores esixencias de garantías e maiores custos de financiamento que outras empresas de maior dimensión.

De forma continuada, durante máis de 25 anos o Igape ven apoiando o acceso ao financiamento das pemes con axudas en forma de garantía e subvencións de gastos financeiros, promovendo diversas liñas para cubrir necesidades específicas.

As sociedades de garantía recíproca galegas (SGR), veñen tamén desempeñando dende a súa creación un importante papel no tecido empresarial de Galicia, compartindo co Igape o obxectivo de posibilitar o acceso ao crédito das pemes galegas, mediante a prestación de avais ante entidades de crédito, actividade na que teñen demostrada solvencia e capacidade técnica.

O apoio conxunto do Igape e das SGR galegas á obtención de financiamento por parte das pemes, toma forma coa promoción de convenios de colaboración coas principais entidades de crédito que operan en Galicia, cos que se acadou moi boa experiencia no pasado.

O 18 de xuño de 2021 o Igape asinou un convenio de colaboración coas sociedades de garantía recíproca e as entidades de crédito adheridas, co obxecto de definir os termos de colaboración para a habilitación das liñas de financiamento previstas nas Resolución do 18 de xuño de 2021 pola que se publicaron as bases reguladoras do Marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, para o ano 2021, nas que se estableceu un marco de apoio ao acceso ao crédito, regulando os requisitos e o procedemento de calquera actuación de apoio ao crédito, tanto de necesidades financeiras estruturais con liñas como o Reaval Crecemento, Reaval Funcionamento e Reaval Garantías, como de necesidades puntuais como a liña extraordinaria Reaval Covid-19.

Co presente convenio, pretende darse continuidade ao dito marco, mantendo os programas preexistentes antes da aparición da crise sanitaria, se ben, tratando de incorporar melloras a medida que se van detectando novas necesidades, e adaptando os prazos de solicitude e tramitación para o ano 2022.

Adicionalmente, e atendendo ao contexto económico actual, insírese unha liña específica para o financiamento da operativa das empresas mais afectadas polas consecuencias económicas da invasión de Ucraína por Rusia. Tanto a agresión militar, como as medidas adoptadas contra o país invasor, están a ter consecuencias para o tecido produtivo galego, entre outras, en forma de interrupcións nas cadeas de subministración, especialmente de cereais e aceites vexetais, así como de encarecemento dos prezos de fontes de enerxía como a electricidade, o gas ou o petróleo. É por isto que considérase necesario establecer, para as empresas mais afectadas, un mecanismo que lles permita financiar a longo prazo os pagos operativos, dispoñer dun fondo de manobra suficiente e



financiar, así mesmo, os investimentos necesarios para reducir a dependencia de determinadas materias primas e/ou provedores, así como para mellorar a súa eficiencia enerxética.

As axudas contempladas no Anexo I das Bases Reguladoras anexas ao Convenio, que serán publicadas no Diario Oficial de Galicia, tratan de dar resposta ás necesidades de financiamento detectadas nas Pemes Galegas, facilitando:

a) "Reaval Crecemento".-Préstamos avalados para o crecemento das pemes, co obxecto de favorecer mediante reavais, o acceso a préstamos a longo prazo para financiar investimentos produtivos e/ou circulante estrutural por parte das pemes galegas, dando a posibilidade de aplicar os fondos, total ou parcialmente, ao pagamento e/ou reestruturación de débedas con entidades financeiras.

b) "Reaval Funcionamento".- Operacións avaladas para o financiamento de tráfico comercial, co obxecto de favorecer o acceso a novo financiamento operativo, para o tráfico comercial das pemes galegas mediante liñas de crédito específicas para adianto de efectos comerciais e facturas, pólizas de pagamentos a provedores e pólizas de comercio exterior. Faise unha mención especial ao sector audiovisual, cuxas produtoras poderán empregar esta modalidade para o adianto dos contratos de cesión dos dereitos de comunicación. Estas operacións do sector audiovisual poderán obter importes de financiamento superiores, prazos máis curtos, e ser reavaladas na súa totalidade.

c) "Reaval Garantías".- Garantías ante terceiros vinculadas a operacións de tráfico ou avais técnicos, co obxecto de favorecer a capacidade das Pemes para outorgar garantías fronte a terceiros, para garantir o cumprimento de contratos, tráfico comercial ou avais técnicos.

d) "Reaval conflito Rusia-Ucráína".- Préstamos avalados para financiar a operativa das pemes galegas afectadas polos incrementos dos prezos de materias primas e subministracións como consecuencia da invasión de Ucraína por Rusia, co obxecto de que poidan dispoñer de liquidez para afrontar o incremento dos prezos e realizar investimentos que lles axuden a paliar os efectos económicos do conflito bélico.

En todas estas modalidades, o apoio do Igape consiste nun reaval de como máximo do 25 % do risco asumido polas SGR, que facilite o acceso ao crédito e, no caso da liña reflectida na letra d) anterior, cunha bonificación no tipo de xuro de ata 1,5 puntos porcentuais.

Que o convenio de colaboración ven demostrando o seu impacto económico en exercicios pasados e prevese o mantemento do seu impacto neste exercicio.

No exercicio 2021 recibíuse un considerable número de solicitudes (Máis de 500 solicitudes por importe de 45,5 millóns de euros), e aprobáronse en torno a 260 operacións por importe 20,7 millóns de euros. O consumo de recursos no IGAPE, entre o reaval parcial, a compensación económica ás SGR e a bonificación de xuros aos beneficiarios, foi de 2,8 millóns de euros, o que demostra a alta capacidade de mobilización destas liñas.

Polo exposto, considérase que esta ferramenta de acceso ao crédito é útil e eficaz para canalizar o crédito bancario avalado ás pemes, polo que se propón a súa convocatoria para o ano 2022, cunha dotación orzamentaria que permite esperar que as operacións financeiras mobilizadas acaden os 80.000.000 €.

Que o convenio proposto cumpre os requisitos de validez e eficacia establecidos no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

O Igape, como ente de dereito público e no ámbito das súas competencias, pode subscribir convenios con outras entidades públicas e privadas. Estas axudas do Igape para o apoio ao acceso ao financiamento das pemes, necesitan da instrumentación dun convenio de colaboración entre o Igape, as SGR e as entidades de crédito adheridas. Así mesmo, o Decreto 302/1999, do 17 novembro, polo que se modifica o Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulamento de avais do Igape, e a Orde da Consellería de Economía e Facenda de 17 de decembro de 1999 e a Orde da Consellería de Economía e Industria do 27 de agosto do 2009 (DOG nº 173, do 3 de setembro), permiten ao Igape, renunciando ao beneficio de excusión, reavaluar ante as SGR domiciliadas en Galicia o risco que estas asuman como primeiras avalistas por aquelas operacións acollidas aos programas de fomento empresarial que para tal efecto se aproben.

O convenio será subscrito pola persoa titular da Presidencia ou pola persoa titular da Dirección Xeral do Igape e supón unha fórmula eficaz de asignación dos recursos públicos pois supón un efecto multiplicador importante, xa que unha dotación orzamentaria de 10.150.000 € (4.000.000 € para aportar ás SGR, 4.150.000 € para a bonificación de xuros, máis 2.000.000 € para cubrir posibles fallidos nos reavaiais prestados), suporá a mobilización de 80 millóns de euros a favor das pequenas e medianas empresas beneficiarias.

Os fondos mobilizados axústanse á lexislación orzamentaria.

O convenio perfeccionase coa sinatura de todas as partes.

Que o obxecto do convenio, a colaboración na prestación de servizos financeiros a favor das pemes, está excluído da regulación establecida na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público en virtude do artigo 6.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Alberto Vivero Fernández

O subdirector de financiamento do Igape.